

Novembro 2017

Posición da CIG-Ensino ante o documento da ANECA “Méritos avaliábeis para a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios

A CIG-Ensino, ante as reunións para avaliar a proposta de criterios de acreditación para o acceso á docencia universitaria por parte da ANECA, mantén a necesidade de fixar un sistema **transparente, xusto e adaptado á contorna académica e á autonomía de cada Universidade.**

Na **CIG-Ensino** entendemos que a unilateralidade do MECD supón unha imposición que lamina a autonomía universitaria e pretende utilizar a acreditación para converter a ANECA nun filtro ultraselectivo que adelgace o sistema Universitario no seu conxunto e, ao tempo, reforce a recentralización do sistema universitario, convertendo a ANECA cada vez máis nunha sorte de **TRIBUNAL CENTRAL ÚNICO**, contravindo deste xeito o principio constitucional de autonomía universitaria e arrasando coas competencias autonómicas.

Na CIG rexeitamos a crecente **burocratización e centralización** da carreira universitaria e pedimos unha negociación pausada dun novo sistema de acreditacións. Os motivos polos que rexeitamos o documento proposto pola ANECA o 6 de setembro de 2017 sustentáanse nas seguintes premissas:

1. Favorece a **desigualdade e a frustración** entre o profesorado ao reducir a acreditación a áreas de coñecemento tradicionais e deixar fóra o persoal docente que presta servizos en ámbitos distintos ao seu.
2. A xerarquización mediante **categorías adicionais** (A, B, C...) pode derivar nunha **clasificación entre “excelencia” e “mediocridade”** que non entra dentro da lexislación existente para o acceso ás figuras de TU’s e CU’s e que pode dar lugar á discriminación dun profesorado fronte a outro.
3. A **ruptura** de forma repentina do modelo actual, baseado nos **sexenios de investigación**, deixará fóra de xogo algunhas das persoas e ao persoal máis activo do sistema até o de agora. Non é admisíbel que o piar sobre o que pivotou a carreira científica e profesional do profesorado nos últimos anos se vexa agora desprezado e se transforme en esforzo baldeiro.
4. No documento existen grandes **disparidades e desigualdades** con respecto á cantidade ou á tipoloxía de produción científica ava-

liábel en cada bloque de coñecemento.

5. Esta situación non permite saber cal é o valor real dos méritos a baremar, ao depender dos criterios de cada comisión avaliadora.

6. Igualmente, introdúcese un compoñente de **discrecionalidade** cando moitos dos méritos avaliábeis non dependen do traballo nin da decisión do propio persoal docente senón do contexto ou centro no que desempeñan o seu traballo.

7. Criterios pouco realistas e difíciles de acadar en canto á cantidade e á autoría de publicacións, así como á velocidade de produción de méritos; perfís multidisciplinares, sobre todo en investigación, que quedan á marxe das categorías de clasificación, etc.

Anulación do RD 2015

Por todo o exposto, a **CIG-Ensino** ratifícase na súa petición de **anular o Decreto 415/2015 e continuar co sistema vixente até 2015**, á espera de negociar o novo sistema de acreditacións. En calquera caso, como non pode seguir a situación de parálise actual e é preciso darlle unha saída ao persoal docente que está pendente das súas acreditacións, reclamamos que os criterios que empreguen todas as comisións se fagan públicos e se aproben mediante disposicións que permitan o seu posible recurso. En ningún caso poden seguir existindo documentos complementarios que empregue o tribunal avaliador e que non sexan coñecidos polos solicitantes.

Con respecto á actual proposta da ANECA, entendemos que debe existir certa **homoxeneidade e proporcionalidade** no nivel de existencia dos requisitos mínimos entre as distintas áreas de coñecemento. Á vez, é preciso contemplar as especificidades da carreira académica en cada área (ex. diferenzas na indexación científica, cargas docentes diversas, valoración das coautorías...)